



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

B A N D O

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

**Dona MARIA LUISA PIÑEIRO ARCOS,
ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.**

FAI SABER: Que o Concello de Moraña, ante a actual situación de crise económica, que afecta moi negativamente ao mercado laboral, e de cara a facilitar a inserción laboral das persoas demandantes de emprego do Concello de Moraña, crea unha

BOLSA DE EMPREGO

Onde anotarse?

No Concello de Moraña, na oficina municipal de emprego e desenvolvemento local, de luns a venres, de 9:00 a 15:00 horas.

- O Concello de Moraña non realizará ningún proceso de selección para as empresas demandantes do servizo, limitándose a informar os usuarios da bolsa de emprego das ofertas de emprego existentes, para que estes, se o desexan, se poñan en contacto coa empresa de cara a participar no correspondente proceso de selección para o posto de traballo ofertado.
- Esta bolsa de emprego non é para as contratacións laborais que realice o Concello de Moraña senón que se refire unicamente as ofertas de emprego do sector privado.
- Para formar parte desta bolsa de emprego local é necesario estar empadroadado no Concello de Moraña.

- **OFERTAS DE EMPREGO:** A empresa que desexe difundir unha oferta de emprego, entre os usuarios desta bolsa de emprego, deberá acudir á mesma oficina municipal.

O Concello de Moraña ofrece outros **SERVIZOS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO para DESEMPREGADOS:**

- Boletíns e listados de ofertas de emprego, público e privado, actualizados diariamente (que abranguen dende o ámbito provincial ao internacional).
- Punto de información do Servizo Público de Emprego de Galicia: renovación da demanda de emprego; consulta das ofertas de emprego activas e da oferta formativa do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Realización de currículos e cartas de presentación segundo necesidades do usuario desempleado.
- Información, asesoramento e acompañamento profesional na tramitación de *axudas para a creación de empresas* (autoemprego, iniciativas de economía social, etc).

Moraña, 28 de maio de 2012
A ALCALDESA-PRESIDENTA

MARÍA LUISA PIÑEIRO ARCOS

Concello de Moraña 986 55 30 05

